

***PROXECTO DE ORDE DA CONSELLERÍA DE SANIDADE POLA QUE SE DESENVOLVE  
O DECRETO .../....., DO ..... DE ..... POLO QUE SE REGULAN AS ÁREAS DE XESTIÓN  
CLÍNICA DO SERVIZO GALEGO DE SAUDE.***

Coa data do..... publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto .../....., do....., polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde, cuxo obxecto é regular a creación, estrutura, organización e funcionamento das áreas de xestión clínica do organismo, como modelo organizativo de prestación e xestión de servizos sanitarios.

Este modelo de xestión que, conforme ao artigo 4 do referido decreto, non require atribuír personalidade xurídica propia ás áreas de xestión clínica, permite que estas se doten, en réxime de voluntariedade, de persoal estatutario, co mantemento do seu vínculo estatutario, da situación administrativa de servizo activo e sen cambio das súas condicións laborais preexistentes, tanto para o persoal que participe na área como para aquel que decida non facelo.

Como consecuencia do anterior, cómpre salientar que o persoal estatutario que participe nunha área de xestión clínica dentro do Sistema Público de Saúde de Galicia, permanecerá na situación administrativa de servizo activo de conformidade co artigo 63.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde. Desbotándose deste xeito a eventual declaración da situación administrativa introducida pola Lei 10/2013, do 24 de xullo, no artigo 65 bis do Estatuto Marco, tanto pola propia configuración xurídica das áreas de xestión clínica que se constitúan no ámbito deste sistema público de saúde, como pola non concorrencia dos supostos legalmente previstos para a aplicación do citado precepto.

O Decreto .../..... regula no seu articulado diferentes aspectos que afectan ás condicións de participación do persoal estatutario que se adscriba, con carácter voluntario, ás áreas de xestión clínica, e que resulta preciso desenvolver, a través da presente orde, coa dobre finalidade de facilitar a implantación das citadas áreas e de garantir os dereitos do persoal que veña desenvolvendo tarefas relacionadas directamente cos servizos definidos na carteira de servizos da área, ou cos procesos de xestión da mesma, participen ou non nela.

Por iso, de conformidade coa disposición derradeira primeira do *Decreto.../....., do....., polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde*, e co establecido no artigo 43 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, e no artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

## **DISPOÑO**

### **Capítulo I**

#### **Disposicións xerais**

##### **Artigo 1. Obxecto.**

A presente orde ten por obxecto desenvolver o *Decreto.../....., do....., polo que se regulan as áreas de xestión clínica do Servizo Galego de Saúde*, en relación cos requisitos, condicións e procedemento de participación do persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde nas áreas de xestión clínica que se constitúan ao abeiro do referido decreto, ou se adapten ao mesmo conforme ao establecido na súa disposición transitoria única; así como desenvolver outros aspectos previstos no propio decreto.

### **Capítulo II**

#### **Requisitos de participación**

##### **Artigo 2. Requisitos.**

1. Poderá participar nas áreas de xestión clínica o persoal de calquera categoría estatutaria que realice habitualmente tarefas relacionadas directamente coas prestacións definidas na carteira de servizos da correspondente área ou cos procesos de xestión da mesma.

2. Quedan excluídos da participación o persoal en formación, o persoal investigador e o persoal licenciado sanitario vinculado a través de nomeamentos de atención continuada.

O persoal estatutario eventual poderá participar sempre que se presuma unha continuidade do seu vínculo durante o período de vixencia do acordo de xestión clínica, e así se acorde polo comité de dirección da área.

3. O persoal con vínculo laboral e funcional do Servizo Galego de Saúde poderá participar nas áreas de xestión clínica e asinar os correspondentes acordos, se ben, soamente poderán percibir incentivos de carácter económico na medida na que o seu réxime xurídico e sistema retributivo o permitan.

### **Capítulo III**

#### **Condicións de participación**

##### **Artigo 3. *Voluntariedade.***

1. A participación dos profesionais nas áreas de xestión clínica que se constitúan ao abeiro do *Decreto.../...., do.....*, terá carácter voluntario.
2. A participación ou a decisión de non participar nas áreas de xestión clínica non implica cambio nas condicións laborais preexistentes do persoal, nin mingua das súas condicións retributivas.

##### **Artigo 4. *Mantemento da condición de persoal estatutario.***

Dado que conforme ao artigo 4 do Decreto.../... as áreas de xestión clínica son estruturas organizativas de prestación de servizos sanitarios sen personalidade xurídica propia e dependen da correspondente estrutura organizativa de xestión integrada, a participación do persoal estatutario nunha área de xestión clínica desenvolverase baixo o réxime xurídico estatutario, sen prexuízo da participación do persoal laboral e funcionario consonte o disposto no artigo 2.3 desta orde e de acordo co seu réxime xurídico orixinario.

##### **Artigo 5. *Situación administrativa.***

O persoal estatutario que manifeste a súa vontade de participar nunha área de xestión clínica permanecerá na situación administrativa de servizo activo, de conformidade co artigo 63.1 da Lei 55/2003, do 16 de decembro, do Estatuto Marco do persoal estatutario dos servizos de saúde.

##### **Artigo 6. *Procedemento de participación.***

1. A participación do persoal nas áreas de xestión clínica virá determinada pola sinatura persoal e individualizada do correspondente acordo de xestión clínica, no prazo que se determine para tal efecto.
2. Durante a vixencia do indicado acordo o persoal asinante poderá renunciar, por calquera causa e en calquera momento, á súa participación na área. En tal suposto, quedará desvinculado dos obxectivos da xestión clínica.
3. Durante o período de vixencia do acordo de xestión clínica, as solicitudes extemporáneas de novas incorporacións serán resoltas polo comité de dirección da área.

**Artigo 7. *Persoal que non participe nas áreas de xestión clínica.***

1. O persoal que decida non adscribirse á AXC permanecerá na súa situación orixinaria, sen que a creación daquela supoña modificación dos seus dereitos laborais e retributivos preexistentes.
2. Estes/as traballadores/as seguirán a desempeñar todas as funcións propias da súa categoría profesional e/ou especialidade. Así mesmo, este persoal seguirá a depender do seu superior xerárquico.

**Artigo 8. *Mobilidade.***

1. Os destinos obtidos en virtude dun concurso de traslados polo persoal non poderán ser modificados unilateralmente por causa da creación dunha área de xestión clínica, con independencia de que o persoal teña asinado ou non o acordo de xestión.
2. De igual xeito, a creación dunha área de xestión clínica non afectará á continuidade no desempeño polo persoal do posto de traballo obtido en virtude da resolución dun proceso de mobilidade interna, participe ou non participe aquel na área de xestión clínica.
3. A mobilidade do persoal entre áreas sanitarias que se poida derivar da creación de áreas de xestión clínica terá carácter voluntario.

## **Capítulo IV**

### **Acordo de xestión clínica**

#### **Artigo 9. Contido.**

O acordo de xestión clínica terá o contido determinado no artigo 11 do Decreto.../..., facéndose constar igualmente respecto do persoal asinante:

- a) O mantemento do réxime estatutario do persoal que ostente a dita condición, así como da situación administrativa de servizo activo.
- b) A posibilidade e efectos da renuncia a participar na área de xestión clínica, nos termos expresados no segundo apartado do artigo 6.
- c) A garantía de destinos obtidos en virtude de procesos de mobilidade voluntaria (concurso de traslados e procedementos de mobilidade interna) segundo o disposto nos artigos precedentes.

## **Capítulo V**

### **Dirección da área de xestión clínica**

#### **Artigo 10. Director/ a da área.**

1. O/a director/a da área de xestión clínica será nomeado/a polo procedemento determinado no artigo 7 do Decreto.../.... entre o persoal estatutario fixo da propia área de xestión clínica, en situación de servizo activo, logo dunha convocatoria pública efectuada pola xerencia de xestión integrada correspondente.
2. A citada convocatoria deberá ser publicada no *Diario Oficial de Galicia* consonte as formalidades previstas pola normativa sobre provisión de prazas de persoal estatutario do Servizo Galego de Saúde, e poderá participar nela todo o persoal da área de xestión clínica que reúna os requisitos exixibles en cada caso relativos a titulación académica, formación específica ou outras especificacións derivadas das funcións do/a director/a da área de xestión clínica establecidas no artigo 6 do Decreto.../.... .
3. Sen prexuízo das competencias propias de ordenación dos recursos humanos dos órganos de dirección das xerencias de xestión integrada, establecidas na normativa vixente,

o persoal asinante do acordo de xestión clínica dependerá funcionalmente do/a director/a da área, quen organizará de forma eficiente o desenvolvemento das funcións de todo o persoal adscrito á área de xestión clínica.

#### **Artigo 11. *Comité de Dirección da área.***

1. O/a director/a da área de xestión clínica contará, como órgano de apoio multidisciplinar, cun comité de dirección, cuxos integrantes serán nomeados pola xerencia de xestión integrada por proposta do/a director/a da área, entre persoas que exerzan a coordinación dos principais procesos asistenciais que se desenvolvan no ámbito da correspondente área de xestión clínica.
2. O número de compoñentes do comité de dirección determinarase en función do número de servizos e/ou unidades que formen parte da área de xestión clínica, cun máximo de oito persoas, ademais do/a director/a. Na súa composición procurarase unha presenza equilibrada de homes e mulleres.
3. A dirección deste órgano corresponde ao/á director/a da área.
4. As funcións que desenvolverá o comité serán as seguintes:
  - a) O establecemento e aprobación dos procedementos de funcionamento interno.
  - b) A aprobación da designación de novos responsables dos diferentes ámbitos e/ou procesos nos que se estructure funcionalmente a área, por proposta do/a director/a.
  - c) A aprobación da proposta de acordo de xestión, así como o seguimento do mesmo.
  - d) A aprobación dos procesos asistenciais e dos protocolos e guías clínicas da área.
  - e) A planificación para a consecución dos obxectivos asistenciais, económicos, docentes e de investigación.
  - f) A elaboración e aprobación da memoria anual de actividade.
  - g) O asesoramento do/a director/a en aspectos relativos á calidade e seguridade da actividade asistencial da área, e na resolución de conflitos que afecten á mesma.
  - h) A resolución ás propostas de incorporación de persoal a área de xestión clínica, cando a solicitude non se produza nos períodos regulamentariamente establecidos.
  - i) A ratificación, de ser o caso, da proposta de reparto de incentivos, entre os membros da área.

- j) Calquera outra función que lle sexa atribuída ou encomendada pola xerencia de xestión integrada.

Para o desempeño destas funcións efectuaranse reunións coa periodicidade que se estableza en cada caso, consonte a correspondente orde do día, sendo necesaria a elaboración dunha acta que recolla os acordos adoptados na reunión.

## **Capítulo VI**

### **Outras disposicións**

#### **Artigo 12. *Selección temporal.***

A selección de persoal temporal destinado a ocupar postos de cadro das categorías de xestión e servizos, de persoal sanitario diplomado e de formación profesional para os que se poidan requirir determinados niveis de experiencia e/ou formación específica relacionados co contido funcional das áreas de xestión clínica, poderá efectuarse a través dos mecanismos de selección específicos previstos na norma xeral II.7 do pacto sobre selección de persoal estatutario temporal do Servizo Galego de Saúde e entidades públicas adscritas á Consellería de Sanidade, do 26 de abril de 2011.

A adopción deses mecanismos específicos de selección requirirá o acordo da comisión central de seguimento do pacto.

#### **Artigo 13. *Formación.***

As xerencias de xestión integrada facilitarán aos profesionais asinantes do acordo de xestión clínica a formación necesaria na utilización de diversas ferramentas de xestión, o fomento da xestión eficiente dos recursos, e a medición e avaliación continuada dos resultados obtidos.

#### **Artigo 14. *Participación sindical.***

De conformidade co apartado segundo do artigo 5 do Decreto.../...., da proposta de creación da área de xestión clínica informárase ao órgano de representación legal dos traballadores da correspondente xerencia de xestión integrada.

A dita representación legal disporá dun prazo mínimo de dez días para formular cantas alegacións estime convenientes, que serán respondidas pola correspondente xerencia.

**Disposición derradeira.**

Esta orde entrará en vigor ..... da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, ... de ... de ....

**Rocío Mosquera Álvarez**

**Conselleira de Sanidade**

BORRADOR